

a) Os de natureza urbana, sempre que a cota líquida, resultante da aplicación dos beneficios fiscais, sexa inferior a 6 euros.

b) Os de natureza rústica, no caso que, para cada suxeito pasivo, a cota líquida correspondente á totalidade de bens rústicos posuídos no municipio sexa inferior, despois de ser aplicados os beneficios fiscais, a 8 euros.

ARTIGO 4º. BONIFICACIÓNS.

1.—Terán dereito a unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto, sempre que así o soliciten os interesados antes do inicio das obras, os inmobles que constituían o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova coma de rehabilitación equiparable a esta, e non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel en que se inicien as obras ata o posterior á terminación delas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos.

A documentación que os interesados terán que achegar na solicitude da bonificación será a seguinte:

- Fotocopia da licenza municipal de obras.
- Fotocopia do último recibo do Imposto sobre actividades económicas, ou certificación expedida pola AEAT de atoparse, xunto coa alta efectuada, non suxeito ou exento.
- Fotocopia do título de propiedade do inmovible.
- Fotocopia do último recibo do imposto sobre bens inmobles ou declaración de alteración de bens no caso de que o recibo figurase a nome doutro propietario.
- Balance de situación pechado a 31 de decembro do ano anterior, para acreditar que o inmovible non figura entre os bens do inmovilizado ou certificación do administrador da sociedade da devandita acreditación.
- Certificado do director técnico, visado polo colexio oficial competente, para acreditar a data de inicio das obras.

2.—Terán dereito a unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ao do outorgamento da cualificación definitiva, as vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a estas de conformidade coa normativa da Comunidade Autónoma.

A antedita bonificación concederase a petición do interesado e poderá efectuarse en calquera momento anterior á terminación dos tres períodos impositivos de duración desta e producirá efectos, de ser o caso, dende o período impositivo seguinte a aquel no que se solicite.

A documentación que os interesados deberán achegar na solicitude da bonificación será a seguinte:

- Cédula de cualificación definitiva de vivenda de protección oficial expedida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo.
- Título de propiedade do inmovible ou, no caso do promotor, escritura de declaración de obra nova e división horizontal.
- Fotocopia do último recibo do imposto sobre bens inmobles ou declaración de alteración de bens no caso de que o recibo figurase a nome doutro propietario ou se inscribise a correspondente declaración de variación de orde física.

3.—Terán dereito a unha bonificación do 95% da cota íntegra os bens rústicos das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, nos termos establecidos na Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas.

4.—Os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa gozarán dunha bonificación na cota íntegra do inmovible de uso residencial que constituía a súa residencia habitual e na que estean empadroados, sempre que o seu valor catastral non supere os 50.000 € coas seguintes características:

Titulares de familia numerosa de 1ª categoría: 10%

Titulares de familia numerosa de 2ª categoría: 20%

Titulares de familia numerosa de categoría de honra: 30%

Para a aplicación das bonificacións será requisito imprescindible a solicitude do interesado, que deberá acreditar:

a) O empadramento na vivenda obxecto de solicitude dos membros da unidade familiar.

b) A condición e categoría de familia numerosa, por medio do título oficial.

Cada ano posterior, e con anterioridade ao transcurso dun mes dende a finalización do período de exposición pública do padrón do imposto, deberá comunicarse ao Concello, mediante un escrito dirixido ao Ilmo. Sr. alcalde, o mantemento das condicións esixidas ou as variacións das circunstancias, xunto coa copia dos xustificantes necesarios. A falla da devandita comunicación suporá a perda para ese período impositivo do beneficio fiscal.

Non se poderá aplicar a bonificación a máis dunha vivenda por titular.

Esta bonificación non será compatible coas demais bonificacións establecidas no presente artigo.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA

O Concello de Pontearreas porá en coñecemento do Catastro Inmobiliario os feitos, actos e negocios susceptibles de xerar unha alta, baixa ou modificación catastral nos termos e nas condicións que determine a Dirección Xeral do Catastro.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente ordenanza, aprobada inicialmente por acordo do Concello en Pleno do 27 de setembro de 2005, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2006. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa “.-

Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO)

ARTIGO 1.—FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible deste imposto a realización en todo o termo municipal de calquera construción, obra ou instalación se haxa ou non obtido a licenza. Sempre que a súa expedición corresponda ao Concello de imposición.

As construcións, instalacións, ou obras ás que se refire a alínea anterior poderán consistir en todos aqueles actos suxeitos a licenza, segundo o previsto na Lei 9/2002 artigo 194 do solo e Regulamento 10º de disciplina urbanística de Galicia.

ARTIGO 2.—SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos deste imposto a título de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que sexan donos das construcións, instalacións ou obras, sexan ou non propietarios dos inmobles sobre os que se realicen aquelas.

Para estes efectos, terá a consideración de dono da construción, instalación ou obra, quen soporte os gastos ou custos que supoña a súa realización.

No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte, terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos deste os que soliciten as correspondentes licenzas ou realicen as construcións, instalacións ou obras.

O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da obriga tributaria satisfeita.

Os substitutos do contribuínte están obrigados a cumprir todas as obrigas tributarias relativas a este imposto, incluída a de efectuar o ingreso das cotas nas arcas municipais de conformidade co disposto no artigo 35 da Lei xeral tributaria.

Nas solicitudes de licenza deberase contar especificamente, nome, DNI ou CIF e domicilio fiscal do dono do terreo, do dono das obras e da empresa construtora. En relación con esta última, en caso de non estar designada, achegase no momento da súa designación

ARTIGO 3.—EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

1. Está exenta do pagamento do imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa o dono o Estado, as comunidades autónomas ou as entidades locais que, estando suxeitas a el, vaia ser directamente destinada a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por organismos autónomos, tanto se se trata de obra de novo investimento coma de obras de conservación.

Gozarán dunha bonificación do 90% na cota do imposto, de conformidade co artigo 103.2 do Texto refundido de construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de “especial interese ou utilidade municipal” por seren realizadas pola Consellería de Educación en ou para establecementos educativos que figuren ou vaian figurar no inventario de bens do Concello.

A “declaración de interese ou utilidade municipal” corresponderá ao Pleno da Corporación por maioría simple.

Para poder gozar das bonificacións previstas anteriores, os suxeitos pasivos do imposto deberán solicitar do Pleno da Corporación a “declaración de interese ou utilidade municipal”.

A solicitude deberá realizarse unha vez concedida a correspondente licenza de obra e dentro do prazo previsto para a presentación da correspondente autoliquidación do imposto.

Á solicitude achegarase a copia da licenza de obra e orzamento desagregado desglosado das construcións, instalacións ou obras, ou daquela parte destas para as que se solicita a “declaración de especial interese ou utilidade municipal”.

Presentada a solicitude en prazo, o suxeito pasivo poderá practicar a autoliquidación do imposto aplicando a bonificación solicitada de forma provisional e condicionada á obtención da correspondente declaración plenaria de “interese ou utilidade municipal”.

A proposta ao Pleno da Corporación de “declaración de interese ou utilidade municipal” contará con informe técnico do departamento de Licenzas en relación ás obras que supoñan efectivamente eliminación de barreiras arquitectónicas.

A proposta contará co informe favorable da Delegación de Educación do Concello.

A “declaración de interese ou utilidade municipal” aprobada en Pleno quedará automaticamente sen efecto, sen necesidade de novo acordo en contrario, no suposto de que as obras que se realicen non se axusten licenza

concedida, así como no caso de caducidade da licenza. Notificaráselle ao interesado que a “declaración de interese ou utilidade municipal” queda sen efecto así como a conseguinte bonificación, a fin de que no prazo dun mes, aquel presente a correspondente autoliquidación complementaria. Transcorrido este prazo sen que se produza a correspondente autoliquidación, o suxeito pasivo incorrerá en infracción tributaria.

3. Gozarán dunha bonificación do 50% da cota do imposto as construcións, instalacións ou obras referentes a vivendas de protección oficial. Os solicitantes achegarán, xunto coa autoliquidación do imposto, a correspondente cédula de cualificación de protección oficial e aplicarán directamente a bonificación, sen prexuízo da comprobación administrativa posterior.

As bonificacións previstas no presente artigo poderán aplicarse de forma simultánea e sucesiva segundo a orde en que aparecen reguladas.

ARTIGO 4.—BASE IMPOÑIBLE E DEVENGO

A base imponible deste imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, entendéndose por tal, para estes efectos, o custo de execución material desta.

Non forman parte da base imponible o imposto sobre o valor engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, nin tampouco as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio profesional do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estrictamente, o custo de execución material.

A base liquidable deste imposto será idéntica á base imponible.

O imposto devengarase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non conta-se coa correspondente licenza.

ARTIGO 5.—TIPO IMPOSITIVO E COTA

O tipo de gravame será o 2,25 %.

A cota deste imposto será o resultado de aplicar á base liquidable o tipo de gravame.

Para as obras menores; os prezos para obras de nova planta ou de reforma tomaranse os prezos da base de datos de construción de Galicia, editada polo ITEGA.

ARTIGO 6.—XESTIÓN

O imposto esixirase en réxime de autoliquidación.

Os suxeitos pasivos están obrigados a practicar a autoliquidación en impreso habilitado para o efecto pola administración municipal e efectuarán o pago previamente á retirada da Licenza concedida, en calquera entidade colaboradora autorizada e, en todo caso, dentro do prazo máximo dun mes, contado a partir do momento no que se lle notificou a concesión da dita licenza.

No caso de obras en vivendas de promoción pública de titularidade do Instituto Galego da Vivenda e Solo, o prazo de ingreso será dun mes contado dende a notificación da adxudicación do contrato de obras e, en todo caso, no prazo máximo dun mes dende o comezo daquelas.

Nos casos de obras menores os orzamentos que se presenten adaptaranse como mínimo aos prezos medios para as obras que figuran como anexo desta ordenanza.

A autoliquidación presentada terá carácter provisional e determinarase a base imponible do tributo en función do orzamento achegado polos interesados, sempre que este estivese visado polo colexio oficial correspon-

dente; noutro caso, a base imponible será determinada polos técnicos municipais, de acordo co custo estimado do proxecto.

Nos casos en que o Plan xeral de ordenación urbana de Pontearreas esixa para a posible concesión de licenza a presentación de proxecto visado polo Colexio oficial, o suxeito pasivo estará obrigado a achegar coa autoliquidación, que deberá presentarse para os efectos deste imposto, a fotocopia do presuposto de construción, instalación ou obra que realizara e DNI ou NIF do suxeito pasivo.

No caso de que se modifique o proxecto e houbese incremento de orzamento, unha vez aceptada a modificación, deberá presentarse a autoliquidación complementaria pola diferenza entre o presuposto inicial e o modificado, con suxeición aos requisitos e efectos indicados nas alíneas anteriores.

Unha vez finalizadas as obras, no caso de que o custo real e efectivo destas sexa superior ou inferior ao que serviu de base imponible nas autoliquidacións anteriores, os suxeitos pasivos presentarán no prazo dun mes, contando a partir do día seguinte á dita finalización, a autoliquidación complementaria do tributo, positiva ou negativa, segundo proceda. As autoliquidacións practicaranse en impreso que facilitará a administración municipal e deberán xuntarlle a fotocopia do DNI ou CIF do suxeito pasivo, así como o certificado e orzamento final de obra visado polo Colexio Oficial correspondente, cando se esixisen direccións facultativas, e calquera outro documento que se considere oportuno.

No caso de que non puidese presentarse o certificado e orzamento final de obra no prazo sinalado no número anterior, poderá solicitarse unha prórroga dun mes, contado a partir do día seguinte á finalización do prazo anterior, para a presentación da citada documentación.

Á vista da documentación achegada e das construcións, instalacións ou obras, efectivamente realizadas, e do custo real e efectivo destas, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará, no seu caso, a base imponible, practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixirá do suxeito pasivo ou reintegrará, no seu caso, a cantidade que corresponda, sen prexuízo das sancións que procedan, de acordo co disposto no artigo 6 desta ordenanza.

ARTIGO 7.—INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

No relativo á cualificación das infraccións tributarias así como á determinación das sancións que correspondan, aplicarase o disposto na Lei xeral tributaria e restantes disposicións que a complementan e desenvolvan.

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Primeira.—No non previsto nesta ordenanza será de aplicación a normativa tributaria de aplicación.

Segunda.—A presente ordenanza fiscal, aprobada inicialmente polo Pleno do 27-09-05, entrará en vigor ao día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e permanecerá en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

CONCELLO DE PONTEAREAS ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS. (IAE)

ARTIGO 1º.

1.—No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e podo Real decreto legislativo 2/2003 do 5 de marzo que aprobou o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello de Pontearreas regula o imposto sobre acti-

vidades económicas, que se rexerá polo disposto na devandita lei e pola presente ordenanza fiscal.

2.—A natureza do tributo, a configuración do feito imponible, a determinación dos suxeitos pasivos e da base de tributación, a aplicación de beneficios fiscais, a concreción do período impositivo e o devengo, así coma os réximes de administración e xestión, regularase consonte o establecido na subsección terceira da sección terceira do capítulo segundo do Título II do Real decreto legislativo 2/2003 de 24 de marzo e na restante normativa de aplicación.

3.—Ao abeiro do establecido no artigo 15.2 no Real decreto legislativo 2/2003 do 24 de marzo, o Concello de Pontearreas procede a aprobar a presente ordenanza fiscal que ten por obxecto regular aqueles aspectos dos que a Lei remite a súa ponderación á corporación local.

ARTIGO 2º.

1.—Para os efectos da aplicación do coeficiente de situación do artigo seguinte, as vías públicas do Concello de Pontearreas clasifícanse en dúas categorías fiscais, que definen as áreas en función da súa potencialidade comercial e/ou industrial.

2.—No Anexo a esta ordenanza figura un índice alfabético das vías públicas con expresión da categoría fiscal que corresponde a cada unha.

3.—As vías públicas que non aparezan subliñadas no índice, e as de nova apertura en defecto de establecemento expreso da categoría fiscal, terán a máis alta das súas lindantes

ARTIGO 3º.

De conformidade co disposto no artigo 87 do Real decreto legislativo 2/2003 do 24 de marzo, aplicarase sobre as cotas modificadas pola aplicación do coeficiente de ponderación a seguinte escala de coeficientes, segundo a categoría fiscal da vía pública na que radique a actividade:

<i>Categoría fiscal</i>	<i>coeficiente</i>
1ª	1'9
2ª	1'6

ARTIGO 4º.

Os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e incrementasen o promedio do seu cadro de traballadores con contrato indefinido durante o período impositivo inmediato anterior ao da aplicación, beneficiaranse dunha bonificación igual ao devandito incremento promedio, cun máximo dun 25%, sobre as cotas fixas municipais, sempre que o devandito incremento sexa como mínimo do 10%, do cadro de persoal previa e o incremento sexa igual ou superior a catro traballadores, que deberán estar empadroados no termo municipal. Exclúense do disposto neste artigo aqueles traballadores cuxa contratación bonificada veña motivada polo tempo que lle reste de percepción do subsidio de desemprego.

De se volver solicitar esta bonificación, o número de traballadores inicial non poderá ser inferior ao total, incluídos os que deron dereito á bonificación, que posuía o suxeito pasivo para a bonificación anteriormente aplicada.

A documentación acreditativa será a seguinte:

- Certificado/s da Tesourería Xeral da Seguridade Social da vida laboral da empresa acreditativos dos extremos especificados no punto dous deste artigo.

1 Fotocopia dos contratos laborais dos traballadores contratados no período impositivo inmediato anterior ao de aplicación da bonificación.